



“O 90% das anécdotas que conto son reais. O que me pasa co realismo é que teño que disfrazalo, estilízalo”

[Montse Dopico](#) 5 de abril de 2019

<https://praza.gal/cultura/o-90-das-anecdotas-que-conto-son-reais-o-que-me-pasa-co-realismo-e-que-teno-que-disfrazalo-estilizalo>

Gumersindo Nespereira ten máis de 90 anos e, aínda que conserva intacto o instinto, tivo que ceder o posto na resolución dos crimes da cidade a investigadores máis novos, coma Benito Marañao, que é un tipo de mediana idade, mais non moi moderno. Un personaxe anacrónico que olla a realidade doutro xeito. Para ben e para mal. Benito é o “heroe” -e cabaleiro andante no tempo dunha cultura mediática que veu substituír á popular tradicional- de ‘Guías caninos’ (Aira), a novela na que Bieito Iglesias recupera, aínda sendo un personaxe secundario, a Nespereira. Aproveitamos a participación deste autor na [Semana da Novela Negra](#), organizada pola compostelá librería Pedreira, para repasar con el ‘Guías caninos’ e, en xeral, a súa narrativa.

Por que retomar o personaxe de Gumersindo Nespereira? Por que darlle continuidade a ‘Miss Ourense’?

O que fago nestes libros é unha análise dun microcosmos social que, claro, cambiou moito desde os anos 60 á actualidade. Aquel era un mundo local e a cultura de Nespereira era a rural popular da época. No caso do seu equivalente moderno, que é Benito Marañao, de ‘Guías caninos’, xa temos unha cultura mediática: a das series policiais, das películas de Clint Eastwood... A Benito gústanlle as series de televisión, o fútbol, a música... (No libro aparecen Salvador Sobral ou ‘Despacito’, por exemplo). Nos anos 60 tamén había fútbol, e había verbenas, pero era unha experiencia moito máis local. Así, en ‘Guías caninos’ Nespereira fai un “cameo” e esa é a maneira de enlazar as dúas historias.

A lingua está moi coidada en todos os teus libros. Pero en ‘Guías caninos’ hai un traballo co “ourensao” literario que se nota aínda máis.

Non sei se iso pode percibirse neste libro con maior intensidade... En calquera caso, este libro, coma ‘Miss Ourense’, é literatura popular, e ademais está contado desde a perspectiva de Benito, un galego-parlante de orixe humilde, por iso é normal que estea presente o rexistro popular. Está o léxico, a fraseoloxía, unha lingua sentenciosa propia da cultura oral... E iso é o que representa

Benito. Ademais, o libro está narrado en primeira persoa, e iso tamén axuda a facer máis notoria a presenza da fala popular. Tamén é máis dialectal...

Eu imaxinábate consultando o Estraviz...

Eu primeiro escribo e despois podo consultar se teño dúbidas, pero si, no Estraviz podes encontrar o 90% do que buscas e noutros dicionarios pode non pasar do 40%. E eu estoulle moi agradecido a este dicionario porque me confirmou moitas cousas... Tamén se poden consultar dicionarios portugueses, e aparecen as palabras, mais como dialectalismos do norte...

E é unha novela policial ou negra? Porque parece que iso marca status.

Iso ten que ver coas distintas tradicións da novela policial. Na tradición francesa, quen investiga é un funcionario da policía: é o Estado o que investiga. No mundo anglosaxón (Conan Doyle no XIX e despois a novela americana de Chandler ou Hammett), o que investiga é un detective privado, que contrasta cunha policía ineficaz ou corrupta. Porque o mundo anglosaxón desconfía do Estado. No caso español, e galego, sobre todo nos primeiros anos da Transición, tanto Juan Madrid coma Montalbán teñen como investigador non un policía, senón un detective ou un periodista. Porque non ían converter un policía do franquismo, un dos grises, nun heroe.

Eu escollín a tendencia francesa, mais asumindo o desafío de crear un policía do franquismo que fose un investigador eficaz, pero non un esbirro do réxime. Iso quería que fose Nespereira, e agora teño a Benito, que se dedica a investigar mentres os seus compañeiros están ocupados co procés catalán, ou con nada... Si que hai diferenza entre novela negra e novela policial se por novela policial se entende a novela-enigma, coma a de Agatha Christie, que é puro xogo de adiviña. Pero se por novela negra se entende a quen ten trasfondo histórico e social, eu apúntome á segunda, claro. Na novela americana clásica dos anos 30 si ten moita importancia ese trasfondo histórico e social. Mais, fóra diso, a distinción non ten moito sentido.

No libro 'O relato policial' si que distinguías a novela policial do "thriller" e dun tipo de "subliteratura" que chamabas "sensacionalista". A que te referías?

A literatura policial é moi ampla, ten moitas variantes. En 'Guías caninos' tódolos capítulos están en primeira persoa, menos dous: un contado desde a perspectiva do criminal e outro desde a perspectiva dunha vítima. Na tradición da novela policial xa está isto: hai novelas contadas desde o punto de vista do criminal, e tamén novelas contadas desde o punto de vista da vítima. Hai unha amplitude de rexistros dos que botar man. Logo está o thriller, as novelas policiais nas que aparece o tema da loucura...

Na época actual, nas series de televisión e no cine está, de feito, hiperrepresentado o elemento psiquiátrico sobre o social: o criminal psicópata. Son series que transmiten a idea de que o crime non ten causas sociais, senón individuais... Por un lado é por iso, e polo outro tamén estamos nunha sociedade máis psiquiatrizada. Quero dicir, que a novela policial vai cambiando en cada época.

Na literatura policial dos 50, co mccarthismo, a novela policial cuestionaba o sistema xudicial por ser demasiado garantista. Na novela dos anos 30 os malos eran os gángsters e o problema era a corrupción económica e política. O que hai hoxe, na miña opinión, nas series, é un exceso de cientificismo (todo se resolve con probas de ADN) e propaganda do Estado policial. Non se cuestiona a policía nin hai heroes que son heroes coma Bonnie e Clyde.

En relación con iso, unha vez Manuel Forcadela comentou que, cando comezaba a novela negra galega -sendo moitas veces non moi ben acollida pola crítica- os policías eran politicamente incorrectos: torturaban, por exemplo, como era habitual na realidade no franquismo. Despois vóltanse máis finos, e entón fábase de boom da serie negra galega. Que opinas ti?

Carlos Reigosa, en 'Crime en Compostela', crea un detective ao estilo Montalbán: evita facer que sexa policía. O que pasa coa serie policial actual -se falamos de Italia, por exemplo- é que se introduciu moita anécdota costumista. Hai como un intento de "normalizar" o personaxe do heroe solitario, que agora ten muller, fillos... A novela negra clásica era, en realidade, unha versión do western, polo que os seus heroes eran coma os das películas de vaqueiros: solitarios, se tiñan un romance duráballes pouco... O detective de hoxe non é un xusticeiro romántico, ou un misántropo, como naquela época.

Falando diso, moitos dos teus protagonistas -non só nas novelas policiais- son iso: persoas solitarias, descritas... Forma parte desa tradición da novela policial, pero seguramente vai máis alá. Escolles personaxes de mediana idade, moitas veces vencidos...

Forma parte da tradición da novela policial, si, pero ademais é que os personaxes desarraigados poden dar máis facilmente unha visión do mundo máis distanciada. Son, si, personaxes fronteirizos, mestizos... Personaxes que non participan da mentalidade común.

E un pouco superados polo seu tempo. Benito ten 40 e pico anos e parece un home doutro tempo.

Si, son personaxes anacrónicos, e por iso tamén excéntricos respecto á sociedade. Benito é un tipo anacrónico que non deu saltado o abismo temporal que supón o cambio da sociedade do seu pai, que é do rural, ao mundo mediático, contemporáneo. Por iso vive con desconcerto, por exemplo, descubrir que para ligar ten que viaxar. Pero por ser un personaxe excéntrico non ten, por exemplo, a mesma postura ca os seus compañeiros sobre o despexo duns vellos. El ata entende que lles chamen cans aos policías.

Neste aspecto está, nesta obra, algo que está en moitos dos meus libros: o cambio acelerado que se viviu en Galicia só nunhas décadas, que deixou moita xente fóra de onda. Benito vive aínda nun mundo de diversidade no que, movéndose 10 quilómetros para ir ver o pai, é como se viaxase tres séculos atrás. Esa experiencia de cambio social acelerado, esa transformación que noutros lugares se fixo en 400 anos e aquí en 40, está moi presente no que escribo.

Eu vivín a lareira, a cociña bilbaína, a de butano e a vitrocerámica. É un exemplo da cultura material, e na cultura espiritual é aínda máis marcado. Por exemplo, a reacción de Benito fronte ao femenicidio. El non é feminista nin un intelectual pero, como un tipo de cultura popular que é, non atura este tipo de cuestións: parécenlle unha baixeza, unha covardía.

Mais o criminal é unha especie de Peter Pan, un neno grande, marxinal, que vive nunha infravivenda... Pero despois resulta que vai pola rúa e ve que a xente nova, estudantes universitarios -dunha burguesía que el considera superior- veñen ser o mesmo. E entón aínda entende menos. Porque el é un cabaleiro, educado para salvar as mulleres. Por iso o "volverei" de 'Sen perdón'.

Hai detalles recoñecibles da actualidade ourensá: unha muller á que lle ofrecen un traballo a cambio de sexo, unha muller desaparecida cando ía facer footing...

Si, unha muller que ía facer footing do barrio do Couto ao Seminario e desaparece. A policía trae a patrulla canina e non a encontran. E despois encóntrana uns amigos dela, e resulta que estaba a poucos metros da estrada. Iso non o inventei. Tampouco inventei o da segunda vítima, que é unha muller que desaparece e que se di que marchou cunha seita, pero despois aparece o seu bolso no cemiterio, entón a teoría de que se foi coa seita cae. Ata aquí tampouco o inventei, pero o resto si que xa é construción miña. Eu imaxino que o asasino das dúas é o mesmo. Esta segunda desaparecida tivera tamén un preito co concello por un tema laboral, que eu xunto co caso que mencionas de Baltar.

E o de Democracia Auriense tampouco parece inventado.

Non. O que di Jácome de que os políticos aínda lles van quitar o magosto, e o de pedir perdón por “hablar en gallego, debe ser el vino”, non o inventei. Si que inventei o que di o taberneiro, de que quitar a estatua de Franco podía ser, pero que o cabalo non tiña a culpa... E tampouco está inventada a conversa entre Feijoo e Julio Iglesias.

Vaia, pois iso si que pensei que era ficción!

É que, xa sabes, a realidade supera a ficción. É inverosímil pero real.

Benito ten nun momento un pequeno desacordo cunha compañeira dun coñecido sindicato policial moi indignada porque os vellos do despexo dixeran que eran como cans, cans pobres trabando a pobres. Moitos dos policías ou gardas civís das túas outras novelas eran iso, xente de extracción rural, pobre... Aquí hai un cambio. Que representa esa personaxe?

O cambio do que falabamos antes produciuse en Ourense e no Estado, nos aparatos do Estado. O horizonte mental dos policías e gardas civís de antes era chegar a Ourense. Moitos viñan das zonas máis deprimidas da provincia, da raia con Portugal. Mais iso non pasaba só aquí: en Francia os policías eran bretóns ou corsos, en España eran galegos, extremeños ou andaluces. Agora a cousa cambiou, e estar aquí é só unha maneira de facer méritos para ir a Madrid, aos xulgados de Plaza de Castilla.

Cando se produce un crime coma o do Chicle veñen desde Madrid, da UCO, para investigalo. E son eles os que saen na Sexta. Como dicía antes, eu o que intento é escribir novelas que non sexan unha apoloxía do Estado policial. Benito é un individuo de mentalidade tradicional que non sabe nin como dirixirse á muller que lle gusta. E no franquismo era un pouco así. Isto pode non ser fácil de explicar, pero eu véxoo así: o Estado franquista era moi ineficiente e, na periferia, os aparatos represivos non tiñan o compoñente ideolóxico que teñen hoxe. Podían abusar da súa autoridade, pero eran xestos de poder, non actos cun sentido ideolóxico-patriótico.

Algún garda civil fascista tamén había... Os que participan na represión, por exemplo.

Si, claro. Pero o habitual non era que fosen conscientemente axentes do Estado. Non eran apoloxistas do Estado. Reprimíante se te metías co franquismo, pero había un compoñente como prepolítico: non estaba todo tan regularizado, eles mesmos podían saltar as normas... Non había un Estado con competencias tan invasivas coma o de agora. Isto mesmo explícoo cando se fala dos caciques do franquismo. E non era así: houbo caciques antes e despois do franquismo, pero no franquismo eran o cura, o garda civil e o tipo do Movimiento. E o garda civil podía meterse contigo se era mal tipo, pero non era unha cuestión ideolóxica.

O teu primeiro libro publicado é ‘Aventura en Nassau’, no que está moi presente un tema que será recorrente na túa literatura: o desexo frustrado. Despois veu ‘Vento de seda’, que podería

ser anuncio do que veu despois: nel está a represión dos maquis, a represión da esquerda antifranquista, o cárcere...

É unha novela con moitos personaxes e, si, poderíase dicir que o resto das novelas son como notas a pé de páxina destas. Porque nesta están moitos temas que se desenvolveron a partir de aquí. Pero esta novela, coma 'Aventura en Nassau', está feita con menos oficio. Considero as dúas novelas de aprendizaxe. A primeira coa que me sentín seguro no oficio de escritor foi 'Miss Ourense'.

Cando escribes 'Miss Ourense', optas polo policial por algunha razón especial? Porque entón non era tan habitual.

Pois si non é unha historia nada especial, en realidade. Eu tiña un relato, 'Luanda', que escribira no ano 88, antes de 'Aventura en Nassau' e 'Vento de seda'. A finais dos 80 estiven dando clase en Ribeira. E a verdade é que cheguei a aburrirme da vida nunha vila tan pequena. Ademais, na época facíanse cousas que a min non me interesaban moito, coma fumar porros.

Cando cansei de aburrirme fun a unha librería na que comprei o que tiñan, que era a colección de novela policial de Bruguera. Antes xa lera algo de novela policial, pero foi aí cando lin todos os clásicos. Entón escribín 'Luanda'. Despois, xa no 1992, Carlos Casares encargoume que escribise outros tres relatos para sacar un libro. Así foi, e estou contento de ter escrito 'Miss Ourense'. Despois pasou un lapso de anos sen escribir, que foi cando traducín con Manolo Vázquez a serie completa de Sherlock Holmes.

É verdade que escribiches 'Bajo las más bellas estrellas' para ver se no mercado de fóra tamén che dicían que eras bo?

A verdade é que é algo que hoxe me daría igual, porque non teño moito interese en ser importante no sistema literario galego, nin no español nin en ningún. Pero entón si que me importaba. E o que pasaba é que dos meus libros valorábase moito a lingua, pero eu preguntábame se só se valoraban porque estaban escritos en galego enxebre. Por iso escribín unha novela en castelán e presenteime ao premio Salamanca, no que estaba no xurado un tipo moi severo e clásico, o crítico do ABC Ricardo Senabre.

Cando se edita en castelán 'O mellor francés de Barcelona' di o crítico Francisco Martínez Bouzas que é un libro expresionista, carnavalesco e realista. Outros críticos din que facías "realismo máxico", que non sei se ten moito sentido tendo na nosa tradición a Cunqueiro. 'O mellor francés' é realista -é literatura social, sen dúbida- e mesmo ten algo de Rubem Fonseca, se cadra. Ti es un escritor expresionista?

Nese libro algo máxico hai, porque hai tres relatos fantásticos, que non é algo que eu faga normalmente. Pero si hai unha tradición literaria que vai de Valle-Inclán ata mesmo Ferrín da que eu fago unha interpretación persoal. Damián Villalaín, que escribira a lapela de 'O mellor francés de Barcelona', dixeran que era unha invocación esperpéntica e elexíaca da Galicia contemporánea. Penso que é unha moi boa definición. É esperpento e elexía. Si hai elementos fantásticos, que están recollidos da tradición do relato de transmisión oral popular. E, si, este é o primeiro libro no que xa me sentín completamente seguro como escritor.

'Amor e música lixeira' remata cunha frase dun crítico que di que Valle-Inclán presenta a ruralía como nunha orxía perpetua, pero que non é así. O expresionismo ten un perigo, que é sacrificar o realismo. Quedar na forma. Antes falabamos de Cunqueiro...

Pois no meu caso o 90% das anécdotas que conto son reais. Máis ben o que me pasa é o contrario: teño que disfrazar o realismo, estilízalo. Cunqueiro fai unha literatura levitante, de neblina... Eu admíroo como poeta e articulista, pero como novelista non. Di Calvino que na literatura hai dúas tradicións: a que levita e a que carga as palabras coa densidade e o peso das cousas, unha de tradición platónica e outra de tradición aristotélica. A min a que me interesa é a segunda.

Pero o expresionismo ten outros perigos. Valle-Inclán cae ás veces no esteticismo, pode resultar inhumano. Conta cousas pola espectacularidade e a anécdota, pero non parece moi identificado co personaxe e resulta cruel. Iso non pasa no Blanco Amor de 'A Esmorga', por exemplo, no que pode haber tremendismo pero si hai unha identificación humanista co personaxe que sofre.

En 'O mellor francés de Barcelona' hai un conto dun escritor que publicou dous poemarios culturalistas e que foi expulsado do sistema tras ter un conflito parvo co patriarca. Non é a túa única obra na que parece albiscarse unha crítica a un sistema literario e tamén autocrítica –tes un personaxe que é un profesor que precisa ver o seu nome os fins de semana no xornal-, con algo xeracional, sobre os “poetas dos 80”.

Si, o poeta do conto que dis practica a intertextualidade, pero en realidade o que fai é facerlle a pelota ao gurú, que ademais o ten como saco de boxeo. O que hai aquí non é algo tanto xeracional como unha crítica do servilismo. Un escritor que é promocionado e despois pasa a ser un apestado. Penso que é algo que pode pasar en todos os sistemas literarios, pero nun sistema tan pequeno coma o noso é máis grotesco e ferinte.

En todas as literaturas intervén a política da literatura. Hai dous libros fundamentais para falar do éxito e o fracaso na literatura: 'Martin Eden' de Jack London e 'A información' de Martin Amis. Hai dous escritores e un ten éxito e outro fracasa. E iso é froito de cuestións azarosas, de habilidades sociais, de coincidir co gusto da época... A política da literatura inclúe a industria editorial, o lugar no que esteas, se acertas cos temas de moda, as características do momento histórico –pode haber un lectorado máis politizado ou menos... Agora mesmo está a revivir a novela rosa, que xa parecera que desaparecera...

En 'A historia escríbese de noite' hai un escritor ao que a revista 'Tempos Novos' encarga unha reportaxe sobre a prostitución, que é un tema moi presente na túa obra. Moitas veces desde unha visión descarnada -desde a perspectiva duns personaxes non feministas, como o investigador de 'Guías caninos', do que falabamos-.

Aí si que hai algo biográfico, porque eu vivín nunha época na que era así. Eu fun mozo nun país católico, hipócrita, no que non se podía ter relacións sexuais fóra do matrimonio nin había métodos anticonceptivos. A prostitución estaba moi presente no barrio e era máis visible aínda nos días de feira, nos que se formaban colas na rúa. Chegaba unha hora, á noite, no que se retiraba a xente “normal” e só quedaban as criaturas nocturnas. E iso foi normal ata mediados dos 70. O que eu retrato son ambientes sórdidos, claro, pero non son os mesmos ca agora.

Coa prostitución a escala industrial dos locais das aforas.

O que eu penso é que agora o que hai é unha influencia moi grande da pornografía, que fai apoloxía da tortura. A única paixón que hai nesas películas é o calvario. É todo unha performance cruel, moi diferente dos “filmes de bordel” da belle époque, que máis ben era cine cómico,

pícaro. Agora as películas pornográficas son tráxicas. E penso que iso é o que pasa: é unha sociedade condicionada polo porno.

Antes era unha sociedade católica e conservadora na que a sexualidade feminina nin existía, porque estaba castrada, e na que a sexualidade masculina tamén estaba reprimida fóra duns marcos. Producíanse escenas como a da señora que alugaba un cuarto na súa casa, cunha cama, unha toalla e unha palangana. Os homes facían cola na rúa, e entón os veciños podían velos. E ademais ás veces impacientábanse e comezaban a berrar: “é para hoxeeeee?”. Era sórdido, claro, pero había un certo elemento humano.

En ‘A vida apoteósica’ falo do barrio do Pombal, en Santiago, no que podía haber unha relación case maternal e protectora por parte das mulleres. É un tema complicado. Eu penso que nin é igual a prostitución feminina e a masculina. Porque de fondo está o problema do patriarcado: a sexualidade masculina é invasiva e moitas veces opresiva, e se a iso engadimos que hai persoas nunha situación de debilidade pola súa posición económica, xa temos a escravitude.

Eu dicíao porque, dentro da desigualdade de poder que implica a prostitución como institución patriarcal, as túas personaxes teñen certa marxe de negociación, ás veces tratan o cliente - patético- con desprezo... Pode mesmo verse certo empoderamento, xeitos de resistencia simbólica... Hai axencia, quero dicir.

Eu penso que as miñas personaxes femininas son, en xeral, mulleres empoderadas. Tamén porque eu vivín nun mundo no que era así. A miña nai marchou para Suíza antes ca meu pai e despois foi ela quen o chamou. Máis tarde meu pai volveu e ela quedou... A miña avoa materna, antes de casar, foi espiar o meu avó para ver como traballaba.... El era un home moi forte, moi bruto, pero no matrimonio con miña avoa era ela a que asumía o rol tradicionalmente masculino.

Mesmo era un home un pouco “feminino” para a época: el era, por exemplo, quen compraba os vestidos para as súas fillas. E non é nada raro, en realidade, porque el fora o apoio da súa nai, porque a seu pai matáranlo. E esa aprendizaxe serviulle para moitas outras cousas: cando foi á guerra, a Marrocos, quedou traballando na cociña... Tamén miña tía, que marchou traballar a Venezuela, mandou cartos para axudar a familia, despois volveu marchar para Francia, e para Casablanca... E volveu porque non soportaba ver aquela pobreza nin como trataban as empregadas árabes....

Entendo o que dis. Mais en ‘Guías caninos’ non hai personaxes femininas interesantes. Comprendo cales son as convencións do xénero, e xa falamos de que Benito era un tipo antigo...

É que, como comentei antes, a novela policial é, en realidade, unha versión da novela do oeste. É un mundo moi masculino, no que a muller queda reducida a un ideal ou é o repouso do guerreiro. As relacións afectivas téncense cos camaradas, máis que ser relacións amorosas. Mais si, como dis, Benito é un home antigo que non sabe nin como achegarse a Marita, e por iso pídelle consello á profesora.

Cando Marita e el van xuntos a París, el decátase de que o interese dela nel está relacionado do feito de que el saíse no xornal. Probablemente vai ser unha relación efémera... Tamén ten algo, ocasional, con outra muller, e niso si que é moderno. Tamén porque ten en conta a sexualidade feminina... Eu mesmo, cando era rapaz, lía a Anaïs Nin e xa me daba conta de que aquilo non tiña nada que ver coa sexualidade falocrática de Arthur Miller... Benito é un cabaleiro andante nun

mundo de homes. E iso é parte da convención do xénero, si. Certo que tamén hai autores, agora, que poñen por exemplo unha inspectora...

Seguindo por orde cronolóxica, penso que 'Contos da terra da tarde' conecta con 'O mellor francés de Barcelona'.

Pódese considerar unha continuación, si. Tamén é continuación de 'Amor e música lixeira'. Tiña moitos contos e saquei dous volumes, pero o segundo é de anos despois. Aí pode notarse unha época que tiveron máis manierista, máis sofisticada desde o punto de vista estilístico. A partir de 'Pan e coitelo', que ten algo de policial tamén: un concelleiro, un detective... e un atentado, inspirado no que prepararan contra Xosé Cuíña.

E Fraga, e o caciquismo...

Si. E moitos xogos literarios: os títulos dos capítulos do libro son títulos de artigos de crítica literaria sobre a obra de Rubem Fonseca. Tamén metín, nese libro, un comic italiano que tamén fai referencia a Rubem Fonseca... Aí entrei nunha fase que era moi sofisticada, a nivel de forma. Con 'Guías caninos' quixen volver á sinxeleza do principio.

Lembro que de 'Pan e coitelo' a crítica comentaba da fragmentariedade... Pero tamén hai crítica política, das máis claras dos teus libros.

Nese libro tiña máis interese o traballo estilístico que a propia anécdota pero si, había crítica política. A obra en si é unha reflexión sobre o poder. A historia dun trepa que non cre en nada, nin na Xunta nin noutra cousa, que o que quere é facer cartos e marchar para o Brasil. 'A vida apoteósica' é unha parodia do mundo dos concellos socialistas e 'Pan e coitelo' é sobre a última etapa de Fraga, co Prestige de fondo, cun superconselleiro que podería ser Fraga... Pero na estrutura é máis sofisticada que as anteriores.

Non hai moito sacaches o teu primeiro libro de poesía, 'A última música das cousas'. Que é moi persoal.

Si, é como unha autobiografía poética, que dá moitas claves biográficas. E saen os temas que me interesan, que están en todos os meus libros: o desexo contrariado, a memoria ferida...

Pero a poesía é un xénero elíptico e neste libro teño poemas máis e menos explícitos pero entendo que poida resultar ás veces un pouco enigmático, porque hai cousas camufladas, escurcidas... Non é poesía da experiencia. Ás veces é surrealista, incluso... Pero os temas son os de sempre. Hai un ciclo de poemas amorosos, logo a morte, no medio a viaxe... E esa é outra das características da miña obra, a variedade xeográfica: aparece Roma, Venecia...

En relación con iso, como é o Ourense que queres retratar? Pode resultar decadente, violento, pero tamén moi vivo.

O Ourense que eu coñecía era moi dinámico e moi vivo. Era un mundo popular tradicional, como nas películas de Pasolini: hai violencia, sexo, exceso... cun algo dionisiaco, coma en 'A Esmorga'. Pero tamén era un mundo en transformación, e moi cosmopolita, non porque os ourensáns fixesen turismo, senón porque emigraban.

Era unha cidade máis aberta do que podía parecer. A xente emigraba a Suíza, a Alemaña... e a alí tamén vían cousas: os anticonceptivos, a propia democracia... Había moito dinamismo. Entendo que agora se perciba un declive, sobre todo polo problema demográfico: só queda xente maior...

Tes tamén unha guía de Ourense...

Si, fora un encargo de 'A nosa Terra'. Despois de pechar 'A Nosa Terra' publicouno Engaiolarte. Eu o que tentei foi saír da típica guía, entón introducín partes narrativas, de memoria... Tamén é un ensaio sobre certos aspectos da vida urbana, coma a cultura dos barrios. Tamén hai fragmentos de textos literarios e historias de xente que escribiu sobre Ourense. Sobre Ourense hai moitas monografías, dos temas máis inverosímiles, así que a miña guía polo menos aforra de delas todas... (Ri).

Se cadra o de que haxa tanta monografía ten que ver coa vocación de mecenado da Deputación: pai e fillo. Podíanche dar cartos, pero había que ir alí pedilos.

Xa coñeces o tópico de Ourense como a Atenas de Galicia, esas ínfulas da xeración Nós. Aí hai un traballo de xeracións, que despois continúa Risco, Ferrín... E o patrocinio da Deputación é un factor que tamén inflúe, si. Mais en Ourense había un "mundiño" de "artistiñas" que se reunían no Voltaire, e iso durou desde Risco ata os anos 70-80... Risco exerce o maxisterio sobre artistas coma Acisclo Manzano, Quessada, De Dios, Virxilio, Buciños...

Algúns historiadores din que a cultura nace en Atenas porque chocan as individualidades cos costumes dunha cidade pequena. E Ourense era unha cidade moi pequena.

Dixeches unha vez nunha entrevista que Fraga representaba a disolución definitiva do proxecto galeguista. Agora temos a Baltar junior, a Feijóo.... Que foi dese proxecto galeguista?

Hoxe o galeguismo en sentido estrito está morto: o último avatar foi Ramón Piñeiro. Cos que o seguen, inclusive Carlos Casares, o galeguismo perdera xa boa parte da súa substancia e función. Ata Piñeiro mantívose o galeguismo histórico. Piñeiro vendeulles aos partidos estatais un verniz galeguista a cambio de certo poder a galeguistas coma el.

Pero a partir del nin o Consello da Cultura Galega nin a Real Academia Galega poden xa negociar nada. Os poderes fácticos xa non precisan desa lexitimación. Polo que o galeguismo conta só no aspecto cerimonial: para o Día das Letras e pouco máis. O que si hai é correntes nacionalistas pero, desde esa perspectiva do galeguismo histórico, o galeguismo herdeiro do Partido Galeguista está desaparecido. O pouco que hai é só simbólico.